FENE
CONCELLO
www.fenecidadan.gal

**RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

Asunto: DETERMINACIÓN DE MEMBROS DA CORPORACIÓN QUE EXERCERÁN OS SEUS CARGOS CON DEDICACIÓN

Na sesión plenaria do 11.07.2019 adoptouse o seguinte acordo:

"1º Fíxanse as seguintes dedicacións:

-Alcalde-Presidente: dedicación exclusiva de 41.405,85 € brutos anuais distribuídos en 12 pagas mensuais e dúas extraordinarias da mesa contía nos meses de xuño e decembro.

- Concelleiro/a 1: dedicación parcial de 20.795,01 € brutos anuais distribuídos en 12 pagas mensuais e dúas extraordinarias da mesma contía nos meses de xuño e decembro. O réxime de dedicación mínima diaria será do 75% da xornada laboral.

A deivindicación das pagas extraordinarias dos meses de xuño e decembro estarán suxeitas ás mesmas normas que as previstas para o persoal funcionario.

2º Solicitar ante a Tesourería Xeral da Seguridade Social a afiliación e alta do/as concelleiro/as con dedicación"

O anterior acordo foi modificado na sesión plenaria do 19.02.2020 do seguinte xeito:

"Modificar o réxime de dedicacións fixadas mediante acordo plenario do 11.07.2019 que pasarán a ser as que seguen:

-Alcalde-Presidente: dedicación parcial de 25.000 € brutos anuais distribuídos en 12 pagas mensuais e dúas extraordinarias da mesa contía nos meses de xuño e decembro. O réxime de dedicación mínima diaria será do 60% da xornada laboral.

- Concelleiro/a 1: dedicación parcial de 19.100 € brutos anuais distribuídos en 12 pagas mensuais e dúas extraordinarias da mesma contía nos meses de xuño e decembro. O réxime de dedicación mínima diaria será do 80% da xornada laboral.

- Concelleiro/a 2: dedicación parcial de 18.100 € brutos anuais distribuídos en 12 pagas mensuais e dúas extraordinarias da mesma contía nos meses de xuño e decembro. O réxime de dedicación mínima diaria será do 75% da xornada laboral."

Conforme ao artigo 75.5 LBRL por Resolución da alcaldía determinaranse os membros da Corporación que realicen as súas funcións con dedicación, polo que, en base ao que antecede, unha vez revogadas as anteriores dedicacións conferidas con anterioridade á moción de censura aprobada no Pleno do 07.02.2020, RESOLVO:

1.-Determinar os seguintes membros da Corporación que exercerán as súas funcións con dedicación parcial:

-Alcalde-Presidente: Juventino José Trigo Rey

-Concelleiro/a 2: Alejandra Permuy Meizoso

2.-Publicar esta Resolución no BOP e taboleiro de edictos do Concello.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. alcalde Juventino José Trigo Rey, do que eu, Estefanía Manteiga Lamas, como secretaria, dou fe.

C.I.F.: P-1503600-G

FIRMADO POR JUVENTINO JOSE TRIGO REY (FECHA: 20/02/2020 14:17:00) , Estefanía Manteiga Lamas (FECHA: 20/02/2020 14:20:00)
Decreto Nº: 148/2020 - Fecha de decreto: 20/02/2020
Versión imprimible
CVD: Png+3GKgKXMQ4adphKNa
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na* https://sede.fene.es. *(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).*

Pza. do Alcalde Ramón José Souto González, s/n, 15500 Fene. Tfno.: 981 49 27 07 Fax: 981 49 27 88